

EXTRAÑOS EN LA CARRETERA

[Carlos Solano, 2016]

329

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 13 e 14 de xaneiro | V.O. | +7

Extraños en la carretera (2017, 19')

Dirección: Carlos Solano

Guión: Carlos C. Tomé

Elenco: Juan Díaz, Miki Esparbé, Macarena García, Luis Zahera

Son: Laia Casanovas

Montaxe: Felipe Bravo

Vestuario: Barbara Rasso

Dirección de arte: Silvia Tobajas Piedrabuena, Laura Requejo

Música: Iván Palomares

Produtoras: Be Sweet Films, Cornelius Films (España)

Distribuidora: Sherlock Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

El club de los 27, 2015 [curtametraxe]

Somos amigos, 2014 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Goya 2018 (Nomeada a mellor curtametraxe)

SINOPSE

Mentres transporta un misterioso paquete, Mikel percátase de que pode estar sendo seguido por un coche negro. Ao tentar fuxir remata nun bar de estrada onde traballa Sara, unha moza á que lle custa confiar nos demais.

«Gran curtametraxe, mestura moi ben thriller e trama romántica, todo nun ambiente casual e fresco»

José López Pérez, NOSOLOCINE

* **A proxección desta curtametraxe realizarase independentemente das demais longas e contará cunha tarifa especial reducida:**

Xeral: 2,5€ | Reducida: 2€



EXTRAÑOS EN LA CARRETERA

[Carlos Solano, 2016]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“*Trainspotting* e *Titanic* son moi especiais para min”

Entrevista con Javier Solano

Por José López Pérez

Como xorde a túa paixón polo cinema?

A miña nai é unha apaixonada dos contos e meu pai, profesor de xeografía e historia, cando me explicaba algunha pasaxe do pasado ao dar clase sempre o facía narrándoo dunha maneira coa que eu ficaba cativado. Ao final o cinema é iso: contar historias e facer que o que te escoite se interese polo que estás a contar. O cinema foi a vía que atopei eu para me expresar e relatar os meus propios contos.

Vistas todas as túas curtas a miña sensación é que os xéneros que máis che atraen son a comedia e o thriller.

Trabúcome? Non me gustaría pecharme a ningún xénero en particular. Coido que de todos se pode aprender e apetéceme tamén probar outros. De feito, a miña participación en *Extraños en la carretera* en parte nace da necesidade de me afastar da comedia tras *Somos amigos* (2014) e *El Club de los 27* (2015), as miñas dúas primeiras curtas. Non me gustaría que me encasillasen tan axiña!

Extraños en la carretera paréceme unha das mellores curtas españolas dos últimos anos. Que foi o máis difícil?

Miña nai, voume poñer rubio! Moitas grazas, a verdade é que foi moi

difícil levalo a cabo. Ao final todo se reduce maiormente ao diñeiro. Para min, o guión de Carlos C. Tomé merecía ser levado á pantalla mais non de calquera maneira, ou a calquera custe. Ou se facía ben ou nada. Custou moito poder atopar o financiamento; Míriam Rodríguez, a produtora coa que sempre traballo, e máis eu estivemos máis de dous anos antes de dar con Be Sweet Films e Cornelius Films, que apostaron polo proxecto. Ademais, o ideal é poder investir o tempo necesario na preproducción, mais non tivemos esa sorte porque Mikel Esparbé e Macarena García só tiñan libre unha semana en concreto, así que tivemos que cadrar a rodaxe nesas datas e con moi pouca marxe para preparalo todo, atopar un equipo técnico disposto a estar sete días de rodaxe, dar coas localizacións, que todo entrase en orzamento... Moi complicado.

Pódese vivir facendo curtametraxes en España?

A día de hoxe desgraciadamente non. Agora A Contracorriente Films, da man de Sherlock Films, lanzouse á piscina e comezou estrear curtas en salas comerciais, como se dunha longa se tratase. Ti vas ao cinema, ves a carteleira, se che interesa a curta pagas un prezo, obviamente reducido, e podes gozar de grandes historias en pequeno formato. Agardemos que a iniciativa funcione porque o mundo da curtametraxe está cheo de historias que pagan moito a pena ser vistas. É un gran descoñecido para o público e, porén, todo o que se achega a festivais de curtas, repite. É posíbel que teñan esa etiqueta de amateur e a verdade é que os que pensen iso están francamente trabucados.

A túa primeira curta foi *Somos amigos* e aí xa demostraches que es un bo director de actores. É co que máis gozas rodando? Pois a verdade é que si. Cando fun á ESCAC ía pensando en planos, movementos de cámara, lentes... encantábame o mundo técnico e como narrar con imaxes. E ségueme a abraiar. Mais facendo *Somos amigos* descubrín o moito que me gusta construír os personaxes cos actores, ver como pouco a pouco os fan seus e danlle vida ao que até había pouco eran só liñas de texto. É bastante máxico.

En *El Club de los 27* Luis Zahera e Javier Pereira fano moi ben. En todas as túas curtas hai un gran reparto.

Como o consegues? Aquí voulle dar todo o crédito a Míriam Rodríguez. É o meu anxo da garda e consegue que os representantes e actores se interesen polos nosos proxectos. Non son ninguén sen eles.

Que directores ou filmes consideras referenciais. É unha pregunta difícil. Gústame moito directores míticos como David Fincher, Steven Spielberg, Martin Scorsese, Billy Wilder, mais tamén Fernando León de Aranoa ou Cesc Gay, que son mestres á hora de facer que os seus actores brillen con luz propia. Os filmes tamén dependen de moitos factores, pero para min *Trainspotting* (Danny Boyle, 1996) e *Titanic* (James Cameron, 1997) son moi moi especiais.

Publicado en www.nosolocine.net/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por 4,5€

Faite
NUMAX!